UGT Servizos Públicos Autonómica

# Informa-t

Abono de oficio da nómina extraordinaria (1,5%): **novembro 2022 + 2,5% dende xaneiro de 2023**

Abono, previa solicitude, **60% ano 2022 en xaneiro 2023 + 20% ano 2023 dende xaneiro de 2023**

## RECUPERACIÓN SALARIAL ASINADA POR UGT - 2022

### ACORDO ESTATAL (2% + 1,5% = 3,5%)

### ACORDO AUTONÓMICO – RESTITUCIÓN DEREITO CARREIRA PROFESIONAL (Incremento medio en xaneiro 2023 = 4,5%)

| RETRIBUCIÓNS | % | A1/ grupo I | % | A2/ grupo II | % | Grupo B | % | C1/grupo III | % | C2/grupo IV | % | AP/Grupo V |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2022 (2%)** | **2,00%** | **37.406,34 €** | **2,00%** | **29.217,36 €** | **2,00%** | **25.312,56 €** | **2,00%** | **22.484,00 €** | **2,00%** | **19.785,76 €** | **2,00%** | **17.988,60 €** |
| **2022 (Actualización 1,5%)** | 1,50% | 561,10 € | 1,50% | 438,26 € | 1,50% | 379,69 € | 1,50% | 337,26 € | 1,50% | 296,79 € | 1,50% | 269,83 € |
| **Carreira Administrativa/Desempeño 2022 (60%)** | 4,15% | 1.553,47 € | 2,65% | 774,72 € | 3,06% | 774,72 € | 3,12% | 701,14 € | 3,01% | 595,08 € | 2,67% | 480,89 € |
| **Carreira Administrativa/Desempeño 2022 (1,5%)** | 0,06% | 23,30 € | 0,04% | 11,62 € | 0,05% | 11,62 € | 0,05% | 10,52 € | 0,05% | 8,93 € | 0,04% | 7,21 € |
| **Total incrementos 2022** | **7,72%** | **2.137,87 €** | **6,19%** | **1.224,60 €** | **6,61%** | **1.166,03 €** | **6,67%** | **1.048,91 €** | **6,55%** | **900,79 €** | **6,21%** | **757,93 €** |
| **TOTAL 2022 (3,5% + 3,16% )** | | **39.544,21 €** | | **30.441,96 €** | | **26.478,59 €** | | **23.532,91 €** | | **20.686,55 €** | | **18.746,53 €** |
| **A1 (24), A2 (20), B (16), C1 (14), C2 (12), AP (10)** | | | | | | | | | | | | |

**2022:** INCREMENTO ANUAL MEDIO (ESTATAL + CARREIRA). 6,66%

+

**2023:** INCREMENTO ANUAL MEDIO (ESTATAL + CARREIRA). 4,5%

=

**TOTAL 11,16%**

**A PERDA É A PENA DE TER UN SINDICATO MAIORITARIO INÚTIL QUE ANO TRAS ANO EN LUGAR DE ACHEGAR MELLORAS RETRIBUTIVAS OU DE DEREITOS (AGÁS O TELETRABALLO, QUE ASINARON EN SOLITARIO) SEGUE EMPERRADO EN TORPEDEAR OS DEREITOS QUE OUTROS ACADAMOS POLA VÍA DA NEGOCIACIÓN**

UGT Servizos Públicos de Galicia
Tlfo. 981 572 820
galicia.ugt-sp.es

#ConUGTGanas #ConUGTGanamosTodos

POR · PARA · CON · DE · DESDE · ENTRE
TODOS

UGT Servizos Públicos Autonómica

# Informa-t

## PROCEDEMENTO GRAOS I E II EXTRAORDINARIO DE CARREIRA E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO

Unha vez renegociado o Acordo de carreira, continuamos coa nosa maneira de entender a defensa dos intereses das persoas empregadas públicas, RESTITUINDO A REGULACIÓN E GARANTINDO O DEREITO a carreira profesional anulada por sentenza firme do TSXG á demanda presentada pola CIG.

O sistema extraordinario e transitorio anticipa a percepción o persoal con maior antiguidade cunha valoración extraodinaria de méritos que non se aplicará na posterior regulación da carreira ordinaria. No sistema extraordinario se pode chegar o grado III. A carreira ordinaria deberá ser aberta e permanente.

É un complemento adicional que se percibe nas 12 mensualidades, fixo e consolidable, e actualizado cada ano co incremento que establezan as leis de orzamentos.

O procedemento de solicitude ábrese para recuperar o cobro e o poder adquisitivo a maior brevidade e garantir o efectos retroactivo de todo o ano 2022.

### A QUEN SE LLE APLICA:

O Acordo plásmase no procedemento coa extensión a todo o persoal acordada xa na Comisión de persoal de 23 xullo de 2019: **persoal funcionario e laboral fixo e temporal nesta Administración e no seu sector público autonómico (con estatutos adaptados á LOFAXGA e RPT) a data 31/12/2021 e cunha antigüidade para Grao I: cinco anos de antigüidade a 31.12.2021, Grao II: once anos de antigüedade a 31.12.2021**

Inclúese ao persoal da **Lei 17/89** das escalas e clases de inspección e administración sanitaria e de atención especializada, e no persoal laboral **inclúese ao persoal do Consorcio**.

**Atención: o persoal que non está en activo** nesta Administración **poderá solicitar** o recoñecemento a efectos administrativos e **percibirá o complemento cando se incorpore a servizo activo.**

**Excluído o persoal que ten o seu propio réxime de carreira, que non se atopa integrado nesta admon. ou que non asina compromiso de funcionarización.**

### VALORACIÓN DE CRITERIOS:

- Segundo os datos que consten no rexistro central de persoal, o **sistema avaliará os criterios** que consten no expediente e, se cumpren os requisitos esixidos, **SE ESTIMA A SOLICITUDE**.
- **No caso de que non cumpra os criterios** a persoa será posteriormente **REQUIRIDA para que no prazo de 10 días hábiles acredite o cumprimento dalgún dos criterios**.
- **Non permite a actualización do expediente aos efectos da solicitude.**

**Criterios de valoración (cumprir algún dos seguintes):**

- **Formación (Grao I: 40hs / Grao II:80hs)**
- **Doutoramento.**
- **Publicacións relacionadas coa administración pública.**
- **2 anos función de dirección**.
- **2 anos en excedencia** desenvolvendo actividades ou funcións de interese xeral ou público ou cter representativo.
- **Integrante dalgún tribunal** cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
- **Beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores**

**Prazo de solicitude: 15 días** dende o día seguinte ao da publicación no DOG.

**No mes de xaneiro abónanse as contías do todo o ano 2022 nun único pago**.

Para **UGT**, reiteramos que era liña vermella que **o importe de pago fose do 80% do importe total en xaneiro de 2023 e garantir que o 60% que se abona en 2022.** Ambas cuestións foron acadadas.

### SOLICITUDE:

- **Formulario** de solicitude a través do portal web da función pública dende a sección <Funcionarización e carreira profesional> https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional ou no enderezo http://fides.xunta.gal
- **Acceso**: dentro da rede corporativa terás habilitado o acceso mediante usuario e clave/certificado dixital; fora da rede corporativa poderá acceder con Chave365 ou certificado dixital.
- **Consulta:** Podes consultar o listado de certificados admitidos na propia páxina de entrada no sistema.
- **Presentación electrónica**: poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 https://sede.xunta.gal/chave365).
- **Instruccións**: na páxina web do función pública https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional haberá á disposición dos/das empregados/as públicos documentación de axuda.
- **Datos precargados**: non se aportan, están obtidos das aplicacións corporativas da D.X.F.P.
- **Tramitación da solicitude:** dende o sistema FIDES e deberá ser asinada e presentada electronicamente.
- **Quen non poida facer a solicitude a través do FIDES** e considere que cumpre os requisitos pero deberá facer unha solicitude no modelo PRA004 e presentala de forma electrónica coas alegacións.



UGT Servizos Públicos de Galicia
Tlfo. 981 572 820
galicia.ugt-sp.es

POR · PARA · CON · DE · DESDE · ENTRE

TODOS

# *SALARIOS: hasta + 11,16% entre 2022 e 2023*

2022

**INCREMENTO ANUAL MEDIO**
(ESTATAL + CARREIRA/C. DESEMPEÑO).
**6,66%**

2023

**INCREMENTO ANUAL MEDIO**
(ESTATAL + CARREIRA/C. DESEMPEÑO).
**4,5%**

**TOTAL**
**+11,16%**

#ConUGTGanas #ConUGTGanamosTodos

UGT Servizos Públicos Autonómica